

# Rúas Magazine – O espírito universal que viveu na Casa da Tumbona

*Por Mariel Norat*

O galpón da casa da Tumbona foi un taller de ideas con xentes de mente lúcidas

Adentrarse nun libro, nun pensamento requiren imaxinar, e nese exercicio, necesítanse estímulos; a pedra granítica desgastada atrápanos en mil pensamentos, lémbra-nos de onde vimos e indícanos a existencia dos longos invernos, configurando nese tempo unha forma de vida para súas xentes antes da chegada das tímidas primaveras que hoxe asoman ata con temeridade.



*Esperanza Mariño guiando a visita adicada a Isaac Díaz Pardo*

Santiago de Compostela é un deses escenarios ideais para recrear realidades de tempos pasados. Biografía de mulleres e homes valerosos que transitaron pola historia, e que en ocasións explican a evolución dunha cidade, e ata, como é o caso, da Comunidade Galega. Velaí o Galpón da Casa da Tumbona na rúa das Hortas, 37. Neste enderezo había un taller, na parte de atrás da casa, onde a creatividade abríase ao inxenio en diferentes disciplinas nun bulir de idas e chegadas de persoas destacadas do momento, facendo encargos e consultas. Eran as visitas das mentes inquietas do momento; compromisos, valores e principios que souberon conxugar co inxenio e traballo para construír un gran laboratorio que estimulaba o talento e a creatividade. Foi nunha cidade, a Compostelá, e nun sitio, desta volta no Galpón da Casa da Tumbona, propiedade de Don Camilo Díaz Baliño, pai do insigne D. Isaac Díaz Pardo.

O xoves 14 de setembro saíu de fronte a Casa da Tumbona un nutrido grupo de persoas para pasear polo casco histórico da cidade Compostelá, tendo a figura de Don Isaac Díaz Pardo como fío argumental. Antes de arrincar a visita sería Camilo Díaz quen leu unha poesía do seu pai; unha imaxe que sen dúbida resulta entrañable e de gran nostalxia. De seguido, un nutrido grupo acompañado por coñecidos persoeiros da cultura galega: Xesús Alonso Montero, Mercedes Queixas Zas, Encarna Otero, ademais de un longo número de persoas destacadas, camiñaba cara á falcona, lugar onde se pechaban aos presos ata os anos 70 (na parte de atrás da policía).



*Camilo Díaz, Fillo de Isaac Díaz Pardo diante da Casa da Tumbona. Rúa das Hortas 37*

Un paseo cultural particular que xorde con vocación de permanencia da man da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua

Galega ca finalidade de facernos recoñecibles casas e espazos que no seu día formaron parte da cotidianidade das persoas ilustres que deron vida á cidade compostelá. Falar de Isaac Díaz é falar dun intelectual que tiña talento e o expresou como pintor, coma deseñador, ceramista ou mesmamente na escrita. Un home que nunca deixou a militancia como galego; afincando o mellor da terra para ir cara diante e empurrando o inxenio para non retroceder. El creceu na tumbona, nunha casa frecuentada por **Castelao, Eduardo Blanco Amor, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Cabanillas ou Asorey**. Segundo as palabras de Esperanza Mariño, condutora deste itinerario: ” Isaac Díaz Pardo pertence a esas persoas destacadas, aínda que a súas cidades non lles fixeran xustiza”. Engade: “Un exemplo é o lugar onde lle adicaron unha rúa. Si, ten unha rúa, pero apartada, case non pode chamarse tal”.

Esta honra a un valente sempre na procura da súa terra galega está situada nunha desembocadura transversal do casco histórico á rúa Galeras; entre o edificio de benestar social do Concello e as xa ruínas do antigo Hospital Xeral. Outra das circunstancias noxentas é que nin sequera ten medidas para ser unha rúa, ten unha lonxitude aproximada de 138 metros. Se lle preguntamos a un habitante desta cidade de Santiago de Compostela onde se atopa, poucos poderían acertar a responder.



Parabéns ao Concello por apoiar a iniciativa e á **Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG)** pola oportunidade que brinda. Bravísima **Esperanza Mariño** que soubo transmitir a querenza a Don Isaac Díaz Pardo